

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 14-2013 DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 28/11/2013-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG) INCORPORASE AS 20:10 H.

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-INCORPORASE AS 20:13 H.

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Concelleiros ausentes:-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal) polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

RATIFICACIÓN DA URXENCIA

1º.- RATIFICACIÓN RELATIVA AO PROGRAMA DE EMPREGO-XUNTA-DEPUTACIÓN PROVINCIAL: encomenda de xestión á Deputación Provincial da Coruña e adscripción ao Plan Provincial de Emprego

2º.- CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓNS ANEXAS: Incoación do expediente de licitación

3º.- CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓNS ANEXAS: Aprobación do expediente de licitación, pregos e demais actuacións seguintes. Delegación na Alcaldía

4º.- REGULAMENTO DO SERVIZO DA PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS: Aprobación inicial, se procede

RATIFICACIÓN DA URXENCIA

O Alcalde xustifica a urxencia deste pleno que non pode demorarse ata a convocatoria do próximo pleno ordinario do mes de decembro como son os relativos á licitación da concesión do servizo público da piscina municipal posto que a actual remata o 01/02/2014 e precisase o tempo para a tramitación da nova concesión; asemade acontece co regulamento do servizo da piscina que se espera este en vigor coa nova adxudicataria; e por último, a encomenda de xestión á Deputación Provincial no programa de emprego cuxo prazo levou a esta Alcaldía a efectualo via resolución para aceptar os compromisos.

Motivada e xustificada a urxencia, o cal tamén consta na convocatoria, sendo o Pleno o órgano competente en todos estes asuntos, sométese a votación a urxencia bastando maioría simple: RATIFÍCASE A URXENCIA da sesión, por unanimidade dos membros presentes (5

BNG, 3 do PSdeG-PSOE e 4 do PP), isto é, 12 de 17 membros que compoñen legalmente a corporación, polo tanto a maioría simple esixida legalmente.

O Alcalde agradece a comprensión dos membros corporativos, especialmente os concelleiros do grupo do P.P. ante os avatares que sufriu a celebración deste pleno para levar a diante en plena legalidade os asuntos que se traen, ante a imposibilidade de celebrar o pleno ordinario coa antelación esixida e, por ende, que este non se realice, se ben levaranse á próxima sesión ordinaria os asuntos habituais relativos a actas, dacións de conta, etc.. que de esta quedaron pendentes.

A Alcaldía altera a orde para tratar os temas deixando o punto 1 da orde do día para o final.

2.- CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓNS ANEXAS: INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN

O alcalde da conta da proposta que foi facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<O día 01/02/2014 remata o contrato administrativo relativo á concesión da xestión do servizo público da piscina municipal, asinado o 15/01/2009 por un prazo improrrogable de 59 meses contados dende a apertura ao público unha vez construídas as instalacións daquela.

Cómpre lembrar como antecedentes imprescindibles deste servizo os aspectos reflectidos na resolución de incoación do expediente de licitación do primeiro establecemento do servizo (R.A nº 1614/2008), e que foron os seguintes:

- Segundo dispón o artigo 132 do TRLCSP antes de proceder á contratación dun servizo público deberá terse establecido o seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia desta, atribúa as competencias administrativas, determine o alcance das prestacións a favor dos administrados e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.
- O artigo 22.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local sinala que o Pleno é o órgano municipal competente para a aprobación da forma de xestión dos servizos públicos; é dicir, se van a ser xestionados dun xeito directo (pola propia Administración Municipal) ou dun xeito indirecto (por calquera das modalidades do contrato de xestión de servizos públicos).
- Na Sesión Plenaria extraordinaria celebrada o día 23/10/2008 aprobouse inicialmente a Ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación de servizos de competencia municipal consistentes no uso das instalacións da piscina pública do Concello de Rianxo (a cal ten sido obxecto de actualizacións). No expediente administrativo tramitado para a aprobación di dita ordenanza quedou acreditado que:
 - Trátase dun servizo de competencia municipal.
 - Para o cálculo do custe da Taxa tívose en conta o Estudio Económico-Financeiro para a posta en funcionamento da Piscina Municipal. Deste estudio quedou acreditado que o servizo de competencia municipal ía ser xestionado dun xeito indirecto, mediante concesión administrativa.
- Vistos o artigo 66 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, que recolle o principio de conservación dos actos administrativos, así como a congruencia administrativa cos propios actos e normas administrativas ditadas, considérase que o Pleno Municipal co acordo de aprobación inicial da “Ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación de servizos de competencia municipal consistentes no uso das instalacións da piscina pública do Concello de Rianxo”:
 1. Considerou que a actividade de Piscina queda asumida polo Concello de Rianxo como propia.
 2. Aprobou a xestión indirecta do servizo e a necesidade de proceder á celebración dun contrato de xestión de servizos públicos, baixo a modalidade concesión.
- En consecuencia, non se estimou necesario un novo acordo plenario que declarase que a actividade de piscina asumíase como propia polo Concello de Rianxo; así como que o servizo íase xestionar indirecto.

tamente a través da modalidade de concesión administrativa, mediante un contrato administrativo de xestión de servizos públicos.

A día de hoxe a situación mantense estimándose procedente que se continúe con esa forma de xestión xa adoptada e executada durante o contrato vixente.

O certo é que se daban e se dan os requisitos para a xestión indirecta ao tratarse dun servizo que asume da súa competencia o concello, susceptible de explotación por particulares, que non implica exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos e que o contratista que o explote teña encomendada a organización e prestación do servizo conxuntamente, de conformidade co estipulado nos artigos 251 y 255 do TRLCSP.

Isto sen prexuízo de que resta aprobarse o regulamento do servizo en cuestión.

En consecuencia, e ante a proximidade do remate da vixencia da actual concesión, por providencia da Alcaldía de acordo coa concellería de deportes ordenouse a redacción dos seguintes documentos:

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Prego de Prescricións Técnicas Particulares.
- Estudio Económico-Financeiro.

En atención ao estipulado no artigo 22 do RD. 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP) non se poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza, idoneidade e contido do contrato administrativo debe ser determinada con precisión deixando constancia de todo elo na documentación preparatoria.

Pretendéndose que o novo contrato que se licita teña unha duración de 7 anos prorrogables por 3 anos (sendo o total de 10 anos) procede seguir o **procedemento aberto**, tramitación ordinaria.

Esta Alcaldía propón ao Pleno como órgano de contratación ao que lle corresponde en uso das competencias conferidas pola Disposición Adicional Segunda do TRLCSP (por ser a súa duración superior a 4 anos), a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Iniciar expediente de contratación, mediante **procedemento aberto, tramitación ordinaria**, de acordo co estipulado nos artigos do RD. 3/2011 polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, para a adxudicación do contrato de xestión de servizos público, modalidade concesión, relativo á xestión da Piscina climatizada e instalacións anexas do Concello de Rianxo.

Segundo: Que se incorpore ao expediente a documentación necesaria de conformidade co RD. 3/2011 que se relaciona a continuación:

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares
- Prego de Prescricións Técnicas.
- Estudio Económico-Financeiro da Piscina Municipal.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización e de se-lo caso, certificado de existencia de crédito>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE, do día 25/11/2013, sendo este favorable.

Incorporase a sesión plenaria a concelleira D.^a Hadriana Ordoñez Otero, sendo as 20:10 h.

O alcalde, tras unha breve exposición ao respecto nos termos da proposta, ofrece a palabra e abre o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, avanza a abstención do grupo neste tema.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, amosa a conformidade coa proposta pola necesidade de iniciar o expediente para dispor da nova concesionaria unha vez remate o prazo da actual.

Incorporase a sesión plenaria o concelleiro Don José Luís Castiñeiras Lesende, sendo as 20:13 h.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que apoian a proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 9 votos a favor (6 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP), con cero votos en contra, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

3.- CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓNS ANEXAS: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN, PREGOS E DEMAIS ACTUACIÓNS SEGUINTE. DELEGACIÓN EN ALCALDIA

O alcalde comenta que trala aprobación da incoación deste expediente nesta mesma sesión plenaria, tráese xa a documentación que a normativa contractual esixe para poder abrir o proceso aos licitadores interesados e así axilizar este cara a telo adxudicado ao remate da concesión actual e garantir a continuidade na prestación do servizo.

A proposta que foi facilitada aos membros do pleno corporativo foi a seguinte:

<<Sometido a acordo plenario do día de hoxe a incoación da licitación relativa á CONCESIÓN DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓNS ANEXAS, unha vez xustificada a súa necesidade por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

No expediente xa consta:

- Estudio Económico-Financeiro da Piscina Municipal.
- Pregos de prescricións técnicas para a prestación do servizo.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación e os seus Anexos.
- Informe conxunto de Secretaría e de fiscalización da Intervención.

Tratándose da xestión dun servizo público mediante concesión administrativa por un prazo inicial de 7 anos prorrogable por 3 anos, cun máximo total de 10 anos.

Polo tipo de procedemento será publicado no Perfil do contratante e no BOP e DOG (artigo 142 TRLCSP e art.326 Lei de Administración Local de Galicia) para o seu coñecemento e presentación de ofertas polos licitadores interesados no prazo outorgado. Non procede publicación no BOE ao tratarse dun contrato non suxeito a regulación harmonizada.

Esta Alcaldía propón ao Pleno como órgano de contratación ao que lle corresponde en uso das competencias conferidas pola Disposición Adicional Segunda do TRLCSP (por ser a súa duración superior a 4 anos), a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, de acordo co estipulado nos artigos do RD. 3/2011 polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, para a adxudicación do contrato de xestión de servizos público, modalidade concesión, relativo á xestión da Piscina climatizada e instalacións anexas do Concello de Rianxo.

Segundo: Ao non existir gasto para a Administración Municipal no presente exercizo orzamentario, comprometer a autorización do gasto que para o Concello de Rianxo representa a contratación referenciada, con cargo á partida **340.9c.20900** do Estado de Gastos dos vindeiros Orzamentos Municipais durante os cales se desenvolva a concesión administrativa, quedando condicionada a adxudicación no exercizo 2014 a previa incorporación do certificado de existencia de crédito para a devandita anualidade.

Terceiro: Aprobar o expediente administrativo incluíndo o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, Prego de Prescricións Técnicas Particulares e Estudio Económico-Financeiro deste servizo público; documentos todos eles de valor contractual que rexerán a presente licitación.

Cuarto: Dispoñer a apertura do procedemento aberto, tramitación ordinaria publicando o anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Rianxo, no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, podándose presentar as ofertas no prazo indicado nos pregos contado dende o día seguinte á última publicación de todas elas. Os pregos (PCAP e PPT) serán obxecto asemade de publicación no perfil do contratante sen prexuízo da exposición do expediente nas dependencias municipais.

Quinto: Delégase na Presidencia a realización da tramitación posterior incluída a súa adxudicación e formalización do contrato.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE, do día 25/11/2013, sendo este favorable.

O alcalde di que se preparou o expediente para seguir a prestar este servizo do xeito máis eficiente posible e que incluso dá servizo a xente doutros concellos; será un procedemento aberto onde os licitadores interesados poderán achegar a súa oferta, buscouse a posibilidade de presentar melloras e estableceronse os criterios obxectivos e técnicos que se estimaron mais acordes coas necesidades desta prestación. Deseguido ofrece a palabra e abre o **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que neste tema se absteñen.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que pouco ten que engadir ao dito pola presidencia. O certo é que debido a experiencia destes cinco anos pódese saber con gran precisión as necesidades deste servizo e o seu custo, felicita o traballo efectuado polos técnicos na preparación do expediente, e por todo ilo, apoian a proposta.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que ratifica as palabras do alcalde punto por punto e espera que saia unha boa concesión e se sega cumprindo os obxectivos e boa prestación, así que manifesta o apoio á proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 9 votos a favor (6 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP), con cero votos en contra, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

4.- REGULAMENTO DO SERVIZO DA PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE.

O alcalde comenta a proposta, que foi facilitada aos membros do pleno corporativo e a tramitación posterior que seguirá:

<<Sendo preciso contar cunha Regulamento do servizo público da Piscina climatizada e instalacións anexas do Concello de Rianxo.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Regulamento do servizo público da Piscina climatizada e instalacións anexas do Concello de Rianxo, cuxo texto se achega con esta proposta.

Segundo: Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

Terceiro: De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicárase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

ANEXO

REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓNS ANEXAS DO CONCELLO DE RIANXO

Artigo. 1. Obxecto e Ámbito de aplicación.

- 1.1. O presente regulamento ten por obxecto regular o réxime xurídico, xestión, uso e utilización do Servizo Público da Piscina Climatizada Municipal de Rianxo e instalacións anexas.
- 1.2. O Concello de Rianxo ten asumida como propia as competencias relativas aos servizos que se prestan na piscina climatizada e instalacións anexas, entre os que inclúense as actividades propias da zona de SPA e de relaxación, a sala de fitness e demais actividades físico-deportivas dirixidas.
- 1.3. O Servizo Público da Piscina Climatizada Municipal de Rianxo e instalacións anexas reúne os requisitos para a súa prestación mediante a xestión indirecta do servizo público por ser susceptible de explotación por particulares e non implicar exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos, de conformidade co artigo 275 do RD. 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público (en diante TRLCSP). Concretamente, a explotación do servizo realizarase mediante a modalidade de **concesión** pola que o empresario **xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura**, prevista no artigo 277.a do TRLCSP. O contratista estará obrigado a organizar e prestar o servizo con suxeición ao estipulado dentro dos prazos sinalados, tanto no prego de cláusulas administrativas particulares como prego de prescricións técnicas e contrato da concesión administrativa, conforme ao ofertado por este. Asemade respectará a normativa vixente en materia de contratos así como a normativa sectorial de aplicación.

Artigo. 2. Dereitos de uso.

- 2.1. Toda a cidadanía ten dereito a acceder e a usar a Piscina Climatizada Municipal en condicións de igualdade, con suxeición ós principios democráticos de convivencia, ás normas que contén o presente regulamento e ás instrucións que na súa execución diten as autoridades municipais e os encargados da xestión do servizo.
- 2.2. O dereito de uso tamén se axustará ás condicións da autorización municipal e ós horarios aprobados regulamentariamente.

2.3. Calquera usuario/a ten dereito a formula-las reclamacións e suxestións que estime pertinentes perante os encargados da xestión. Para este fin, existirán follas de reclamacións a disposición dos usuarios.

Artigo. 3. Deberes e responsabilidades dos/as usuarios/as.

3. 1. Os usuarios teñen os seguintes deberes e responsabilidades, coas consecuencias que se indican:

- a) colaborar no mantemento das debidas condicións de limpeza e hixiene das instalacións. O uso anti-hixiénico ou incorrecto da instalación pode ser motivo de expulsión e de perda da condición de aboadado.
- b) Depositar os desperdicios nas papeleiras ou outros recipientes destinados para tal efecto
- c) respecta-las normas sobre o uso axeitado do equipamento e mobles das instalacións deportivas obxecto da presente ordenanza conforme ás normas que contén o presente regulamento e ás instrucións que na súa execución diten as autoridades municipais.

As avarías, danos ou perdas que se xeren no material ou nas instalacións como consecuencia da desaxeitada ou negligente utilización darán lugar á responsabilidade por parte do seu autor ou autores, que lles será esixida de conformidade co procedemento legal e regulamentariamente establecido. Todo iso sen prexuízo da sanción administrativa que proceda.

- d) Respetar os horarios e espazos destinados ás diferentes actividades.
- e) Devolver o material didáctico que se lles emprestara ao sitio indicado despois do seu uso.
- f) Seguir as indicacións do persoal da instalación en todo momento.
- g) abandonar as zonas de piscina e ximnasio 15 minutos antes do horario de peche, co obxecto de respectar os horarios establecidos.
- h) comunicar ao monitor de apoio se o usuario padece, ou padeceu, algunha enfermidade de carácter cardiovascular ou derivada, nos últimos 10 meses
- i) abonar os prezos públicos que en cada momento determinade a Ordenanza Fiscal correspondente, que poderá ser obxecto de actualización anual.
- j) Observarase o cumprimento das normas xerais de uso es e de aquelas outras normas particulares e instrucións que dite o centro a través do persoal da instalación. A transgresión de calquera norma establecida poderá causar o cese de uso da instalación, o cal ditaminarase pola comisión de seguimento do centro deportivo, sendo debidamente comunicado o interesado, ademais da comunicación da incidencia ao Concello de Rianxo.

3. 2. Asemade ateranse ás seguintes prohibicións que deberán respectar:

- a) fumar en toda a instalación.
- b) Uso de cámaras, vídeo o móbiles.
- c) entrada á instalación de animais de compañía.
- d) o consumo de calquera tipo de bebidas ou de comidas na zona de praia reservada a bañistas así coma nos vestiarios.
- e) o acceso a toda persoa que padeza calquera enfermidade infecto-contaxiosa que poida poñer en risco a saúde dos demais usuarios.
- f) entrar na zona de baño vestidos con roupa ou calzado de rúa. O público, espectadores visitantes e/ou acompañantes frecuentarán unicamente os locais e áreas reservados a estes, empregando para isto os accesos específicos.
- g) Os acompañantes dos abonados - cursillistas teñen prohibida a entrada ós vestiarios e zonas de praia de piscina, así como as persoas non participantes nas actividades deportivas que se desenvolgan. Os acompañantes de persoas con imposibilidade para cambiarse poderán acceder os vestiarios coa autorización do persoal da instalación. No caso de menores de 6 anos accederán ó vestiario do sexo do acompañante.
- h) abandonar desperdicios dentro do recinto da instalación.

3. 3. O persoal da instalación está autorizado pola dirección do centro para facer cumprir a normativa vixente cara a garantir o bo funcionamento da instalación e uso destas.

O persoal da instalación é o responsable de mirar polo cumprimento destas normas, calquera persoa que as incumpra poderá ser expulsado da instalación e, se é o caso, perderá a condición de abona-

do. Unha comisión composta por membros do Concello e da empresa concesionaria valorará a seu dereito a retornar a instalación

3.4. Calquera variación que afecte á actividade maioritaria dos usuarios (celebración de competicións deportivas, modificación de horarios, etc.) notificarase mediante carteis informativos na instalación (taboleiro de anuncios á entrada/saída da instalación).

Artigo 4-. Modalidades de Acceso.

4. 1. Abonados.

Coa condición de abonado, pódese ter acceso á piscina climatizada, SPA e sala fitness (con apoio do monitor de sala e prescrición de táboas personalizadas de exercicio), todos os espazos de uso libre, sen ningunha restricción de tempo nin espacio.

Ten ademais a posibilidade de ser “Cursillista” cun desconto mínimo do 50% no prezo de cada curso.

A cota de aboado ten carácter anual aínda que o pago farase mensual, Trimestral ou anual.

4. 2. Cursillistas.

Teñen esta condición, aquelas persoas inscritas nalgún curso de piscina, que desexen participar nalgunha actividade con monitor. Unicamente poden facer uso das instalacións, durante o tempo que dura a clase.

Os cursiños son de carácter trimestral, aínda que o pago poderase facer mensualmente. É posible renovalos ata que o desexe o usuario, cumprindo cos prazos de notificación de baixa (ver apartado correspondente). A última semana de cada mes, ofertaranse as novas prazas do mes seguinte (consultar en recepción as datas exactas). Cada clase ten unha duración de 45 minutos, con excepción das clases de bebés que terán unha duración de 30 minutos.

4. 3. Entradas puntuais.

Abonando o custo da desta no momento do acceso á instalación. Os beneficiarios das entradas poden usar tódolos espazos da instalación (na sala fitness sen o apoio personalizado do monitor da sala), por un tempo estimado de unha hora e media, con restricción de uso en función da ocupación.

Artigo 5-. Tramitación das solicitudes e baixas

5.1. Tramitación dos abonos:

- Cumprimentar todos os datos da folla de inscrición.
- Fotocopia do *D.N.I.* (en caso de ser A. Familiar, fotocopia dos Documentos nacionais de identidade de todos os beneficiarios do abono)
- Fotocopia do *Nº de Conta Bancario*, onde aparezan os nomes dos titulares da conta (e DNI do titular, en caso de non se corresponder coa persoa que se vai inscribir)
- Fotocopia do *Libro de Familia*, exclusivamente no caso de Abono Familiar.
- En caso de seren parella de feito, é imprescindible presentar o certificado de convivencia expedido polo Concello.

A aceptación pola dirección do centro da solicitude de inscrición implica que afirma coñecer e comprometése a respectar a normativa de réxime interno no momento de asinar a inscrición.

Ao inscribirse na instalación autorízase a utilización dos datos persoais e o seu tratamento informático para a xestión da instalación e no seu caso envío de información comercial inherente a xestión do centro.

5.2. Tramitación da participación en cursiños.

- Cubrir con todos os datos da folla de inscrición.
- Fotocopia do *D.N.I.*
- Fotocopia do *Nº de Conta Bancario*, onde aparezan os nomes dos titulares da conta (e DNI do titular, en caso de non se corresponder coa persoa que se vai inscribir)

5. 3. Tramitación para a adquisición dunha entrada puntual:

- Por motivos de seguridade, poderá pedirse aos usuarios que presenten o seu DNI, ou calquera outra documentación acreditativa de idade, ó mercar unha entrada. O persoal da instalación poderá denegar o acceso á ela se o usuario se negase a amosar a devandita documentación.
- Cumprir coas normas que, en función da idade, ten cada espazo deportivo da instalación.

5. 4. Solicitude de Baixa (abonados e cursillistas):

Para formalizar a baixa, debe notificarse por escrito na recepción da Instalación, antes do día 20 do mes anterior. Todas aquelas baixas notificadas despois do día 20, non serán tidas en conta a efectos de devolucions dos importes correspondentes.

5.5. Solicitude de cambio de grupo (cursillistas) ou de tipo de abono (abonados)

A solicitude deberá presentarse por escrito na recepción da instalación, preferentemente antes do día 20 do mes anterior. En caso de querer facelo con posterioridade á devandita data, e sempre que sexa posible o cambio, o usuario perdería a posibilidade da devolución correspondente en caso de existir.

5. 6. Matrículas:

Todos os abonados, están obrigados a facer o pagamento en efectivo dunha matrícula, no momento no que se dan de alta. A duración desta cota, de carácter irrecuperable, será dende a data de formalización da inscrición ata a data na que o abonado cause baixa. A cota de matricula para cursillistas por outra banda, terá duración de setembro a agosto, unha vez finalizado o citado prazo haberá que volver a aboala de cara a nova tempada.

5. 7. Pagamentos:

A matrícula e máis a primeira cota, deberán pagarse en efectivo na recepción. Os demais pagos faranse por domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados na folla de inscrición. Os recibos pasarán a partir do día 24 do mes anterior.

5. 8. Devolucions bancarias:

No caso de devolucions de recibos da mensuralidade por parte da entidade bancaria, o usuario terá un prazo de 2 días, a partir da data do aviso por parte da dirección da instalación, para realizar o pagamento en efectivo do recibo na recepción da instalación.

- No caso de non cumprir o prazo establecido, o usuario perderá a praza (cursillistas) e os dereitos de aboado (incluíndo o pagamento de matrícula: en caso dunha nova inscrición o aboado deberá volver realizar o pagamento da taxa de matriculación).
- A Dirección das instalacións resérvase o dereito de anular a condición de aboado dun titular, se os recibos mensuais son devoltos pola entidade bancaria ao expedidor de maneira reiterada.
- A devolución de TRES recibos por non seren pagados, será motivo de baixa automática como aboado das instalacións.

5.9. Outros trámites.

Se un usuario desexa realizar cambios nos seus datos persoais (Dirección, teléfono, datos bancarios, etc.), o comunicará persoalmente ou por escrito na recepción da Piscina Climatizada de Rianxo.

Artigo 6-. Tarifas

As tarifas para os distintos abonos, cursos e outros servizos serán os dispostos na *Ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación de servizos para uso e disfrute da Piscina Municipal e Instalacións anexas*, publicada no BOP, suxeitas ao incremento do IPC.

Artigo 7-. Normas xerais de uso por espazo e para acceso a grupos

7.1. O uso dos espazos da piscina e instalacións anexas con carácter xeral será o seguinte:

A) PISCINA CLIMATIZADA

- É obrigatorio ducharse antes da inmersión na auga do vaso, estando prohibido acceder a este con aceites e/ou cremas.
- É obrigatorio usar gorro, chanclas e bañador, recomendándose o uso de lentes de baño.
 - Prohíbese saltar á auga de cabeza, desde os laterais ou sentarse nas corticeiras. Tampouco está permitido ningún tipo de xogo ou actividade que comporten saltar, empuxar, correr pola praia da piscina, afundir a outros e toda conduta que perturbe o normal uso e disfrute a todos os usuarios ou que atente contra a seguridade das persoas. O socorrista poderá obrigar a abandonar-lo vaso a todas aquelas persoas que non respecten esta norma.
 - Cada usuario debe respecta-la rúa indicada polo socorrista, determinada segundo o seu nivel.
- Nadar sempre polo lado dereito da rúa, sen traspasa-los límites dos carrís usados polos demais nadadores.
- Respecta-las indicacións de cada rúa (curso, nado rápido, lento, etc) e seguir as indicacións do persoal da instalación.
- Por motivos de seguridade, os menores de 12 anos deberán estar permanentemente acompañados por un adulto no interior da piscina.
- Os nenos maiores de 12 anos e menores de 16 anos que saiban nadar só poderán entrar só á piscina co consentimento por escrito do pai, nai ou titor/a. Se o persoal da instalación aprecia que non teñen o suficiente dominio do medio acuático para desenvolverse con autonomía dentro da auga, pode obrigarlles a saír dela e que cese a súa actividade.
- As persoas asistentes a cursiño accederán ós vestiarios 15 minutos antes do inicio da sesión. Unha vez rematada deberán dirixirse ós vestiarios para abandonar a instalación.
 - Os usuarios deberán respecta-los espazos reservados para eles, cando se impartan cursos na piscina.
 - Prohibido ouriñar e cuspir na piscina.
 - O número máximo de usuarios no vaso, segundo o establecido no Decreto 53/1989, do 9 de marzo, Consellería de Sanidade, polo que se aproba Regulamento sanitario de piscinas de uso colectivo, e as súas modificacións, en función da superficie de lámina de auga, segundo consta na documentación técnica da instalación deportiva ascende a 104 persoas no vaso deportivo 12 no vaso recreativo.
 - Para evitar riscos sanitarios está prohibida a entrada na zona reservada ós bañistas, daquelas persoas que padezan enfermidades cutáneas ou doutro tipo que pola súa natureza se poidan contaxiar a través da auga.
 - Non está permitido o emprego de colchóns, flotadores, lentes de cristal, ou calquera elemento que, a xuízo dos responsables da seguridade do vaso, poidan supoñer algún risco para o resto de usuarios. Na piscina haberá material auxiliar- táboas, pulls...-, que poderán ser empregados por calquera abonado, o cal o solicitará ó monitor e/ou ó socorrista, quedando a criterio deste a conveniencia do seu uso.

B) XIMNASIO E SALA DE ACTIVIDADES

- Os menores de 14 anos non poden utilizar a sala fitness por motivos de saúde. Entre os 14 e 16 anos, poderán sempre e cando veñan en horario no que está presente o monitor de sala.
 - Toda persoa que utilice o material de musculación por primeira vez deberá poñerse en contacto co monitor da sala. Tódolos abonados poderán esixir ademais unha ficha de seguimento individual.
- Débese por unha toalla sobre cada aparello do que se faga uso, por motivos hixiénicos.
- A indumentaria deportiva será a indicada para a práctica de actividade física no ximnasio, sendo necesario para accecer calzado deportivo diferente ó da rúa
- Os aparellos deben utilizarse correctamente segundo as indicacións expostas (en caso de dúbida dirixirse sempre ó persoal da instalación) e recollelos unha vez remate o seu uso.

- Os usuarios con rutinas de traballo deberán deixalas no ficheiro da instalación, pois son propiedade desta.
- Deberá respectarse a lista de espera nos aparatos que a teñan, así coma o tempo máximo de utilización.
- O aforo da Sala Fitness e das actividades dirixidas estará determinado polo número de aparatos e as rotacións que se programen polo monitor ou encargado.
- Non está permitido deixar mochilas ou prendas persoais na sala. Estes artigos deberán gardarse nos vestiarios.
- O persoal do ximnasio poderá solicitar a tarxeta de acceso ou entrada para controlalo acceso. Tamén poderá solicitar o DNI para comprobar o dereito de acceso.
- A sala de actividades só se poderá utilizar baixo as indicacións do persoal da instalación, a súa capacidade máxima é de 16 persoas.
- É necesario comunicar ao monitor de apoio se o usuario padece, ou padeceu, algunha enfermidade de carácter cardiovascular ou derivada, nos últimos 10 meses.

C) ZONA SPA

- Por motivos de seguridade e saúde, os menores de 14 anos non poden facer uso desta zona.
- Antes de entrar é imprescindible ducharse con auga quente e xabón e secarse ben. Por motivos hixiénicos, no caso de querer facer uso da piscina posteriormente, débese duchar de novo.
- Débese facer algo de exercicio físico antes de facer uso desta zona.
- É imprescindible o uso da toalla na zona SPA. Hai que secarse antes de utilizar cada estación agás as duchas.
- Débese usar unha toalla para sentarse ou tombarse nos bancos.
- Non se permite afeitarse ou depilarse na instalación.
- Non se permite o uso de esencias ou calquera sustancia que poida molestar aos demais usuarios.
- Por tratarse dunha zona de relax débese manter a tranquilidade e evitar o ruído ou o alboroto.
- A sauna seca ten unha temperatura aproximada de 70-80°C., e unha humidade que ronda o 20-30 %. O tempo máximo recomendado de utilización é de 15 minutos.
- Baño de Vapor: Temperatura aproximada de 40° C e unha humidade do 90-99%. O tempo máximo recomendado é de 20 minutos.
- Bañeiras de hidromasaxe: Temperatura aproximada de 35°C. Tempo máximo recomendado 15 minutos. É obrigatorio, por motivos de hixiene, o uso de gorro, e prohibese sumerxir a cabeza por motivos de seguridade.
- Contraindicacións absolutas. Para a sauna e o baño de vapor: non se poden usar se levan algunha prótese metálica interna ou marcapasos.
- Contraindicacións relativas: Hipertensión arterial, enfermidades cardiovasculares, varices, embarazo, uso posterior a inxesta de alimentos ou bebidas alcohólicas.
- Deben consultar co seu médico en caso de calquera enfermidade ou dúbida. Recoméndase contactar co persoal responsable da zona antes de acceder por primeira vez.
- En caso de dúbida sobre a forma de acceso ou uso dirixirse ó persoal da instalación.
- Debe respectarse as indicacións do persoal da instalación.

- En cada estación da zona SPA hai un cartel informativo no que se explica que é, para que serve, as contraindicacións e algunhas indicacións de uso como por exemplo o tempo máximo; dita información debe lerse antes de facer uso da estación e deberanse respectar as indicacións sinaladas.
 - Lentos, lentes de contacto e obxectos metálicos deben retirarse antes de entrar na sauna.
 - Non poderán facer uso da sauna aquelas persoas que padezan problemas de hipertensión ou cardiopatías graves.
 - En todo momento deberá respectarse o aforo máximo.
 - Está prohibida a manipulación dos botóns de control da sauna.
 - O aforo máximo da zona SPA en total é de 26 persoas.
- Sauna: 10 persoas.
- Baño Vapor: 10 persoas.
- Bañeiras de hidromasaxe: 6 persoas.
- Pola propia seguridade dos usuarios é moi importante que respecten os tempos máximos marcados; ben no circuíto que sigan (hai 3 circuítos que marcan o orden a seguir e o tempo máximo en cada estación) ou ben se fan uso libre, sen seguir ningún circuíto (nos carteis informativos de cada estación figuran as indicación, contraindicación e tempo máximo de uso).
- Ademais do dito no parágrafo anterior, o tempo total de realización do circuíto non debe superar os 40 minutos. E se fan uso libre, é dicir, non seguen ningún circuíto, non deben exceder, en total os 35 minutos.
- Por motivos de saúde, non se recomenda o uso desta zona máis de 2 veces a semana, salvo indicacións específicas por parte do seu médico.
- É importante un bo nivel de hidratación antes e despois dunha sesión de SPA.

D) VESTIARIOS

- Os vestiarios deben manterse en correctas condicións hixiénicas de utilización.
- Está prohibido fumar dentro dos vestiarios.
- É obrigatorio o uso de chancletas para ducharse e circular polos vestiarios.
- Está prohibido realizar accións hixiénicas como afeitarse, depilarse ou tinguirse.
- Os armarios deben deixarse baleiros despois do seu uso. As chaves dos armarios non poderán saír das instalacións en ningún caso.
- Cada vestiario dispón de dúas zonas. En horario de grupos unha orientarase a grupos e outra para o uso libre.
- O vestiario feminino ou masculino son de uso exclusivo de persoas deste sexo, será excepcional cambiar nenos menores de 6 anos que acudan con seus pais.
- Duchas
 - Non se pode introducir nelas obxectos de vidro.
 - Por consideración cos demais usuarios, deben manipularse con coidado e só durante o tempo necesario.
- Taquillas:
 - Funcionan cunha moeda en depósito
 - Deben deixarse libres unha vez finalizada a actividade.
 - As taquillas revisaranse ó finaliza-lo día. Se atopamos algunha pertenza persoal, gardarase na sección de obxectos perdidos por un período máximo de 15 días.
 - A perda da chave suporá o pago do seu custo por parte do usuario.

7.2. Normas para acceso a grupos

Para procurar o mellor funcionamento e coordinación establécense as seguintes normas para facilitar o acceso de tódolos grupos a actividade:

- Tódolos colectivos que desexen acceder á instalación deben preinscribirse na recepción.
- Cada grupo debe facilitar unha lista coa relación de participantes e a súa idade, aí coma unha persoa de contacto.
- Cada día realizarase un control na recepción coa toma de lista dos asistentes previa ó acceso a vestiarios.
- O primeiro día levarase a cabo unha proba de nivel de dominio acuático para organizalos asistentes en grupos por niveis e idade.
- A actividade infantil vai dirixida a nenos de entre 4 e 14 anos.
- Indumentaria necesaria: bañador, chanclas e gorro. Recoméndase o uso de gafas.
- Os nenos maiores de 6 anos non poderán ir con acompañante ós vestiarios, deben cambiarse sós. Accederán ós vestiarios 15´ antes da actividade.
- Os pais/acompañantes que acompañan a nenos menores de 6 anos ou a persoas que necesitan axuda para cambiarse entrarán con eles 15 minutos antes do o persoal de recepción así llo indique. Deben abandonar os vestiarios cando o neno/usuario saia cara a piscina e poderán entrar de novo 45 minutos despois, ó remate da súa quenda, cando o monitor acompañe ós nenos de volta.
- Nunca poderá haber máis dun acompañante por neno/usuario, e tratarase, na medida do posible, que acceda o menor número de acompañantes.
- Por motivos de hixiene, na zona de duchas é obrigatorio o uso de chanclas. Non podendo estar ningún con calzado da rúa.
- A instalación ten unha actividade continua, hai máis usuarios á mesma hora, polo tanto, respectémolas zonas de paso e as indicacións do persoal da instalación, así coma os espazos reservados para os grupos.
- Os acompañantes deben agardar nas zonas indicadas, nunca dentro dos vestiarios.
- Os monitores recollen ós nenos/usuarios a hora puntual de inicio da quenda para dar comezo a actividade (deberán de estar duchados), e acompañanos ata os vestiarios ao fin do curso.
- O obxectivo da actividade é educativo. Comezando polo uso correcto da instalación, orden e coidado da súa roupa, autonomía e independencia nas duchas, que aprendan a vestirse sós, a respectar aos compañeiros, ... O labor dos pais e dos monitores no aspecto hixiénico é de educación e control, non face-lo traballo dos nenos.
- Calquera comportamento ou problema que detectemos comunicarémolos o coordinador do grupo. Do mesmo xeito esperamos que nos fagades saber calquera suxestión ou problema que poida xurdir.
- Non se poderán recuperar os días que non se acuda xa que os grupos e e quendas están pechados. Cada neno ten que vir co seu grupo e figurar na lista deste.
- A natación escolar é unha actividade extraescolar, organizada polo colexio ou ANPA, polo tanto, segue o calendario escolar.
- Para calquera consulta sobre o desenrolo da actividade ou seguimento do neno deben dirixirse ó coordinador.
- Non poderá acudir a actividade ningún neno que padeza algunha enfermidade infecto-contaxiosa. O persoal da instalación mirará polo cumprimento desta norma.
- No espacio reservado para os grupos (zona de cambiadores) hai taquillas que deben ser usadas para deixala roupa, nunca se poderán deixar nos cambiadores.
- O persoal da instalación mirará polo cumprimento destas normas e para solucionar calquera problema que poida xurdir, deben seguir as súas indicacións. Ante calquera dúbida ou suxestión pregamos nola fagan chegar para darlle resposta o antes posible.

- A empresa xestora e o concello non se farán responsables da perda de obxectos na instalación. Existe taquillas para gardar as pertenzas así como un servizo de guarda e custodia.
- Forma de pago das taxas: O pago realizarase por anticipado, respectando a modalidade acordada (trimestral ou cuatrimestral).

Artigo 8. Horario das instalacións

8.1. O horario de apertura da instalación na tempada invernal, de 1 de setembro a 30 de xuño, será o que segue:

- Luns a Venres 7:30 a 13:30 h. e 16:00 a 22:30 h.
- Sábados de 9:00 a 13:30 h. e de 17:00 a 20:30 h.
- Domingos e Festivos de 10:00 a 13:00 h.

8.2. O horario estival, do 1 de xullo ao 31 de agosto, colocarase con antelación suficiente as datas sinaladas.

8.3. A instalación estará pechada como mínimo durante 15 días polos condicionantes do *Decreto 103/2005 Regulamento Técnico-Sanitario de Piscinas de Uso Colectivo da Xunta de Galicia* e/ou por causas de mantemento esencial, baleirado, limpeza e desinfección.

Artigo 9. Danos, perdas e seguro de responsabilidade civil

9.1. A empresa concesionaria dispón dun seguro que cobre a responsabilidade civil derivada da súa actividade.

9.2. Facilitarase ao usuario a subscrición voluntaria dun seguro de accidentes con cobertura de asistencia sanitaria.

O Centro Deportivo e o seu persoal así como o Concello de Rianxo non se farán responsables de ningunha perda, dano ou hurto de calquera dos bens pertencentes aos usuarios, a menos que sexa debido a unha negligencia da propia instalación. Asemade o Centro Deportivo e o seu persoal non serán responsables das mortes, danos persoais ou lesións que se produzan nas instalacións ou como resultado da utilización desta e/ou dos equipos postos a disposición pola instalación, salvo que se produza por calquera acto de negligencia ou omisión por parte da instalación e do seu persoal.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE, do día 25/11/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Durán, comunica que se absterán ao respecto.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que este regulamento trata de regular as obrigas e dereitos dos usuarios, da concesionaria atendendo ao desenvolvemento que se fixo do servizo nestes anos, garantindo o funcionamento e uso correcto das instalacións. O borrador do texto inicial mellorou aínda se cabe mais tralo estudo polo departamento técnico e a secretaría.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que votaran a favor.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 9 votos a favor (6 dos membros do BNG, 3 dos do PSdeG-PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP), con cero votos en contra, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

1.- RATIFICACIÓN RELATIVA AO PROGRAMA DE EMPREGO-XUNTA-DEPUTACIÓN PROVINCIAL.- ENCOMENDA DE XESTIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E ADSCRICIÓN AO PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO

O alcalde comenta a proposta facilitada aos membros do pleno corporativo que recolle o contido da Resolución nº 547/2013, do 15 de novembro.

<<En relación a este asunto cómpre partir do texto da Resolución adoptada no prazo esixido pola Deputación Provincial, cuxo texto literal é o que segue:

<<A Deputación Provincial de A Coruña comunicou a este concello a existencia dun Plan de Contratación de persoas desempregadas para realizar no seu ámbito xeográfico pequenas obras de mantemento ou limpeza, execución de pequenas obras municipais, mantemento de infraestruturas viarias, limpeza de viales urbanos, áreas verdes, etc. de titularidade municipal. Asemade remitiuse modelo de solicitude de adscrición ao Plan Provincial de Emprego 2013 no que figura a encomenda á Deputación Provincial para a realización das tarefas solicitadas, e compromiso de subministrar maquinaria, ferramentas, materiais que se indiquen na memoria.

Baseado, segundo se indica, nun Convenio de colaboración asinado o 18/06/2013 entre o presidente da Deputación de A Coruña, Diego Calvo, e a Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, para a contratación de persoas desempregadas, co obxectivo de garantir a continuidade, estabilidade e a sostenibilidade dos servizos sociais comunitarios e as políticas de emprego no medio local.

Esta Alcaldía formulou solicitude dos traballos que interesaría que executara a devandita brigada da Deputación Provincial.

O día 31/10/2013 recibíuse unha circular do Deputado de Promoción económica, no que comunica as actuacións que se declaran Apts por este programa e se require a remisión da Resolución de Alcaldía asumindo unha serie de compromisos.

Visto o informe de secretaria do 31/10/2013 sobre a falta de documentación no expediente para pronunciarse sobre a encomenda de xestión á Deputación Provincial, o que acontece asemade no relativo ao Plan Provincial de Emprego, sendo nulo de pleno dereito unha encomenda realizada sen seguir a tramitación preceptiva e polo órgano competente.

Estimándose de interese para este concello efectuar a mencionada encomenda de xestión e adscrición ao Plan Provincial de Emprego segundo o modelo de adhesión remitido, xa que logo, tanto por motivos económicos ante a crise existente como pola imposibilidade de contratar novo persoal ou levar a tramite procesos selectivos segundo determina o RD. 20/2011, hai actuacións que non se poden desenvolver cos medios persoais existentes, sendo menor o custo dos compromisos (dispoñer dun local, dun vehículo, ferramentas, material...)

Polo exposto, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Encomendar á Deputación Provincial da Coruña a realización das tarefas declaradas aptas por esta ao abeiro do Programa de Emprego Xunta- Deputación da Coruña, participando no Plan Provincial de Emprego 2013.

Segundo.- Asumir os compromisos que se indican deseguido:

- Designar un interlocutor válido que sexa o contacto ideal ente o propio Concello de cara a execución dos proxectos solicitados, e as cuadrillas de traballadores contratados pola Deputación de A Coruña.

- Facilitar un local adecuado para que as cuadrillas de traballadores contratados pola Deputación de A Coruña, poidan cambiarse de roupa e, no seu caso, gardar os equipos que estén utilizando para realizar as tarefas descritas nas memorias presentadas.

- Dispor dun vehículo que permita o desprazamento polo Concello desas cuadrillas de traballadores, que en ningún caso serán de máis de cinco persoas, para poder realizar esas tarefas no lugar correspondente, durante a realización do proxecto.

- Subministrar a maquinaria, a ferramenta, o equipamento e os materiais precisos para a realización das tarefas solicitadas segundo a memoria presentada.

- Aportar un aula de formación axeitada, con capacidade para 25 persoas, no caso de que a desexen que a formación inicial sexa impartida no propio Concello para minimizar os desprazamentos dos desempregados.

Terceiro: Remitir á Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos a presente resolución.
Rianxo, 15 de novembro de 2013>>

En virtude do informado, esta Alcaldía somete ao Pleno corporativo para a súa aprobación por maioría absoluta do número legal de membros da corporación, o seguinte ACORDO:

(único) Ratificar a Resolución nº 547/2013, do 15 de novembro no seu contido íntegro.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 25/11/2013, sendo este favorable.

O alcalde di que esta ratificación deriva deste programa de emprego que xa o ano pasado se levou a cabo, hai algúns requirimentos efectuados nel pola Deputación non axeitados co caso concreto de cada concello (pon algúns exemplos, como dispor dun local que para o solicitado non é preciso). Tamén quere comentar que hai parte do tempo de contratación que se dedica á formación. Ademais di que xa se ten comentado que o propio sería que dependera dos concellos sen a intermediación da Deputación.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que apoian a proposta.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, manifesta que o sistema que se emprega neste programa non é un sistema práctico, hai como dixo o alcalde un tempo adicado a realización de cursos e hai incongruencias no requirido pola Deputación que non son axeitadas ás propostas efectuadas polos concellos.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que se advirten esas incoherencias dende os despachos da Deputación Provincial; de todos modos é bo que se vote unha man aos concellos aínda que sexa así pero considera que deberían levalo directamente os concellos. Remata dicindo que en calquera caso serán dúas persoas que sairán do paro e poderán ter a oportunidade de traballar.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos membros presentes que son os 14 votos a favor (6 dos membros do BNG, 3 dos do PSdeG-PSOE, 5 do PP) con cero votos en contra e cero abstencións, que fan 14 dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

E non habendo máis asuntos que tratar de orde da Presidencia, levántase a sesión ás 20:38 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo